



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las condiciones de acceso al permiso por acogimiento temporal inferior a un año de las personas funcionarias.**

El artículo segundo del Real Decreto-ley 9/2025, de 29 de julio, por el que se amplía el permiso de nacimiento y cuidado, mediante la modificación del Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, y el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, para completar la transposición de la Directiva (UE) 2019/1158 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 20 de junio de 2019, relativa a la conciliación de la vida familiar y la vida profesional de los progenitores y los cuidadores, y por la que se deroga la Directiva 2010/18/UE del Consejo, modificó el artículo 49.b) del Estatuto Básico del Empleado Público, que ahora dice que el «permiso por adopción, por guarda con fines de adopción, o acogimiento tanto temporal como permanente: tendrá una duración de 19 semanas para cada adoptante, guardador o acogedor». Sin embargo, el último párrafo del citado apartado b) aclara que «los supuestos de adopción, guarda con fines de adopción o acogimiento, tanto temporal como permanente, previstos en este artículo serán los que así se establecen en el Código Civil o en las leyes civiles de las Comunidades Autónomas que los regulen, debiendo tener el acogimiento temporal una duración no inferior a un año».

Por el contrario, esta limitación de que el acogimiento temporal deba ser de más de un año no existe en el articulado del Estatuto de los Trabajadores, que establece en el artículo 48.5 que, en los supuestos de adopción, de guarda con fines de adopción y de acogimiento, de acuerdo con el artículo 45.1.d), la suspensión tendrá una duración de 19 semanas para cada adoptante, guardador o acogedor. Y por su parte, el artículo 45.1.d) determina que «nacimiento, adopción, guarda con fines de adopción u acogimiento, de conformidad con el Código Civil o las leyes civiles de las Comunidades Autónomas que lo regulen, de menores de 6 años o de menores de edad mayores de seis años con discapacidad o que por sus circunstancias y experiencias personales o por proceder del extranjero, tengan especiales dificultades de inserción social y familiar debidamente acreditadas por los servicios sociales competentes».



Así, tal y como denuncian distintas organizaciones, la regulación actual excluye a las personas funcionarias de acogerse al permiso en el caso de acogimientos temporales inferiores a un año; sin embargo, las personas trabajadoras sujetas al régimen del Estatuto de los Trabajadores sí pueden utilizar la suspensión del contrato por las mismas 19 semanas.

Además de constituir una desigualdad de trato incomprensible entre ambas regulaciones, cabe destacar que el acogimiento temporal es una modalidad fundamental para la protección de menores en situación de riesgo, por tratarse de acogimientos que no deberían alcanzar el año de duración y que exigen una dedicación y disponibilidad absoluta en los primeros momentos para la adaptación y el diagnóstico del menor.

Por tanto, es preciso que el Gobierno analice esta desigualdad y que se inicien los trámites oportunos para, de confirmarse que esta se está produciendo, se inicien los trámites oportunos para la plena equiparación, que precisaría únicamente la eliminación del último inciso del art. 49.b) del TREBEP que hace referencia a que el acogimiento debe tener una duración no inferior a un año.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno de esta desigualdad de trato entre los permisos que corresponden a las personas funcionarias y las personas empleadas sujetas al régimen del Estatuto de los Trabajadores?
2. ¿Considera justificable que no se permita a las personas funcionarias utilizar el permiso de 19 semanas en el caso de acogimientos temporales inferiores a un año, cuando sí se permite la suspensión del contrato por cuenta ajena por ese mismo periodo en esa misma situación?
3. ¿Iniciará los trámites necesarios para corregir esta desigualdad y asegurar que las personas funcionarias también puedan utilizar el permiso de 19 semanas en el caso de acogimientos temporales inferiores a un año?

En Madrid, a 8 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 JUN. 2026 13:49:30

Entrada **117896**

Sobre as condicións de acceso ao permiso por acollemento temporal das persoas funcionarias

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás condicións de acceso ao permiso por acollemento temporal inferior a un ano das persoas funcionarias.**

O artigo segundo do *Real Decreto-lei 9/2025, de 29 de xullo, polo que se amplía o permiso de nacemento e coidado, mediante a modificación do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o texto refundido da Lei Xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello, modificou o artigo 49.b) do Estatuto Básico do Empregado Público, que agora di que o “permiso por adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento tanto temporal como permanente: terá unha duración de 19 semanas para cada adoptante, gardador ou acolledor”. Porén, o último parágrafo do citado apartado b) aclara que “os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto temporal como permanente, previstos neste artigo serán os que así se establezan no Código Civil ou nas leis civís das Comunidades Autónomas que os regulen, deben ter o acollemento temporal unha duración non inferior a un ano”.*

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 JUN. 2026 13:49:30

Entrada **117896**



Pola contra, esta limitación de que o acollemento temporal deba ser de máis dun ano non existe no articulado do Estatuto dos Traballadores, que establece no artigo 48.5 que nos supostos de adopción, de garda con fins de adopción e de acollemento, de acordo co artigo 45.1.d), a suspensión terá unha duración de 19 semanas para cada adoptante, gardador ou acolledor. E pola súa parte, o artigo 45.1.d) determina que “nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, segundo co Código Civil ou as leis civís das Comunidades autónomas que o regulen, de menores de 6 anos ou de menores de idade maiores de seis anos con discapacidade ou que polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por provir do estranxeiro, teñan especiais dificultades de inserción social e familiar debidamente acreditadas polos servizos sociais competentes”.

Así, tal e como denuncian distintas organizacións, a actual regulación exclúe ás persoas funcionarias de acollerse ao permiso no caso de acollementos temporais inferiores a un ano, porén as persoas traballadoras suxeitas ao réxime do Estatuto dos Traballadores, si poden utilizar a suspensión do contrato polas mesmas 19 semanas.

Ademais de constituír unha desigualdade de trato incomprensíbel entre ambas regulacións, cabe destacar que o acollemento temporal é unha modalidade fundamental para a protección de menores en situación de risco, por tratarse de acollementos que non deberan alcanzar o ano de duración e que exigen unha dedicación e dispoñibilidade absoluta nos primeiros momentos para a adaptación e diagnóstico do menor.

Por tanto, é preciso que o Goberno analice esta desigualdade e que se inicien os trámites oportunos para, de confirmarse que esta se está a producir, se inicien os trámites oportunos para a plena equiparación, que precisaría unicamente da eliminación do último inciso do art. 49.b) do TREBEP que fai referencia a que o acollemento debe ter unha duración non inferior a un ano.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Goberno desta desigualdade de trato entre os permisos que corresponden ás persoas funcionarias e as persoas empregadas sometidas ao réxime do Estatuto dos Traballadores?
2. Considera xustificábel que non se permita ás persoas funcionarias a utilización do permiso de 19 semanas no caso de acollementos temporais inferiores a un ano cando si se habilita a suspensión do contrato por conta allea por ese período de tempo nesa mesma situación?
3. Iniciará os trámites necesarios para corrixir esta desigualdade e asegurar que tamén as persoas funcionarias poidan utilizar o permiso de 19 semanas no caso de acollementos temporais inferiores a un ano?

Madrid, a 8 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso